



Estimados pais e nais:

Para o vindeiro venres, **15 de marzo**, o movemento estudantil internacional **Friday For Future** fixo un chamamento de protesta a nivel mundial para reivindicar medidas urxentes e efectivas contra o cambio climático. Tendo en conta o punto 15 do artigo 10 das *Normas de Organización e Funcionamento* do IES Mugarodos:

“Coa finalidade de estimular a participación do alumnado nos centros educativos, estes deberán facilitar o dereito de reunión. As decisións colectivas que adopte o alumnado, **a partir do terceiro curso de ESO**, con respecto á asistencia á clase, non terán a consideración de faltas de conduta nin serán obxecto de sanción cando sexan o resultado do exercicio do dereito de reunión e sexan comunicadas previamente á Dirección do centro. Para tal fin establécese que deberán ser decisións colectivas por razóns xerais e comunicadas á Dirección previamente (48 horas) pola Xunta de Delegados. (LOE)

Comunicámoslles que o alumnado do IES Mugarodos anuncia a intención de secundar estas accións de protesta en escrito dirixido pola Xunta de Delegados/as á dirección do centro nos seguintes termos:

- **Parón da actividade académica o venres, 15 de marzo, de 12:00 a 12:30 horas.**
- **Cadea humana** reivindicativa arredor do instituto.
- Piden a toda a comunidade educativa que desexe participar no parón e na cadea humana que SE traia **vestimenta de cor negra** para a gravación do acto e distribución nas redes sociais.

Presentes os delegados e vicedelegados dos cursos:
1º ESO A e B 1º 2º ESO A e B 3º ESO A 4º ESO
1º BAC A 1º BAC B

Tratábase o tema do 15-M, e de que maneira pódese protestar
Acordos: Os alumnos/as animamos a emprender unha protesta colectiva contra o cambio climático que recolla os principios e causas do movemento 15-M / Friday for future.

Propoñemos un parón estudantil de 12h a 12:30h
Cadea humana: arredor do instituto
Grabación da cadea e distribución nas redes sociais
Pedimos a todo o mundo que se vista de negro

1º Bach - A Ariadna
1º Bach - B unia
2º ESO A-B Mónica Sofia
3º ESO Ana
4º ESO
1º ESO A Clara
1º ESO B Victoria

Escrito da Xunta de Delegados/as

Seguindo o procedemento, a dirección do centro informa ás familias. En calquera caso, lembramos que o profesorado atenderá os alumnos e alumnas que no exercicio do seu dereito decidan non secundar o parón.
O director